

# C

## CONSIDERACIONES



## 1. Panorama económico

---



- O ano 2022 estivo marcado, en liñas xerais, polos efectos da invasión rusa da Ucraína, o elevado nivel de prezos e os problemas nas cadeas de subministración, que supuxeron un lastre para a reactivación da economía iniciada no 2021. O CES quere, un ano máis, chamar a atención sobre a necesidade de facer unha aposta decidida por un modelo produtivo innovador e sostible, que permita afrontar os retos futuros con maior solvencia.
- O CES manifesta a súa preocupación polos elevados niveis que acadou a inflación ao longo do ano. O Índice xeral de Prezos ao Consumo, acadou nalgúns meses incrementos superiores ao 11%, e a inflación subxacente rematou o ano cun incremento superior ao Índice xeral. Nesta contexto, instamos aos poderes públicos a tomar medidas para frear esta tendencia.
- Se descendemos dentro dos grupos do IPC o comportamento dos prezos é moi desigual, sendo o grupo de Alimentos e bebidas non alcohólicas o que maior variación interanual presenta, cun 16,2%. Ante esta escalada de prezos dos produtos de primeira necesidade, urxe implantar medidas que atenúen os efectos dos prezos sobre os colectivos máis vulnerables.
- O sector industrial no seu conxunto, e da industria manufactureira en particular, presenta ao longo dos últimos anos unha perda do seu peso relativo. En concreto, a industria manufactureira concentra o 11,9% do VEB en 2022 fronte ao 13,8% de 2008 (17% e 17,7% no caso do sector industrial no seu conxunto, respectivamente). Tendo en conta o peso relevante que ten na creación de emprego de calidade e na xeración de riqueza, é para o CES un preocupación, por elo, demandamos medidas e un programa que reforce e impulse a competitividade industrial e que favoreza a transición ecolóxica e dixital.

- Segundo os datos da Comisión Europea, nos últimos anos, Galicia perde posicións tanto no conxunto da Unión Europea como respecto do resto das CC.AA. Se ben o menor incidencia da covid-19 na nosa Comunidade mitigou relativamente esta caída nos dous últimos anos, desde o CES manifestamos a nosa preocupación por esta tendencia negativa e instamos a tomar medidas que viren a mesma.
- O Índice sintético de competitividade rexional, elaborado pola Comisión Europea, reflicte que Galicia perde posicións no ranking, ao pasar do posto 143 no ano 2016 ao 149 no ano 2022, ao contrario do que ocorre na rexión do Norte de Portugal, que de estar no posto 164 no ano 2016 escala posicións ata o posto número 135 no ano 2022. Ante este deterioro na competitividade de Galicia, o CES considera que se deben levar a cabo as accións oportunas sobre as pancas dinámicas que incidan no nivel de competitividade, co fin de que Galicia recupere posicións na competitividade dentro da Eurorrexión.
- No que atinxe, tanto ao gasto total en I+D, como ao rexistro de patentes, a situación de Galicia é moi precaria; o que a sitúa non só en mala posición relativa con respecto ao conxunto da Unión Europea, senón tamén con respecto a Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal. Por elo, desde o CES instamos aos poderes públicos a incrementar os fondos destinados a I +D, así como promover medidas que incentiven proxectos de innovación.
- Os proxectos estratéxicos que se están a desenvolver en Galicia, moitos deles vinculados a zonas de transición xusta, supoñen unha importante oportunidade para avanzar na descarbonización do modelo produtivo e para reducir a dependencia enerxética de terceiros. O CES, quere chamar atención sobre a oportunidade que supoñen os fondos europeos e a importancia de xestionalos con axilidade e eficacia.
- O crecemento da economía debe traducirse nun reparto da riqueza dun xeito máis equilibrado dentro da distribución funcional de rendas. Malia medra do 3,6% da Remuneración dos asalariados, a súa participación na renda cae no último máis de dous puntos, ata situarse no 44% do PIB a prezos de mercado, a participación máis baixa do período analizado, ao contrario que o Excedente de explotación que escala ata representar o 47,7% do PIB.
- A distribución primaria da renda amosa unha medra das desigualdades en Galicia. Son varios os factores que poden contribuír a este incremento: cambios na estrutura produtiva, factores tecnolóxicos, contención salarial... Desde o CES demandamos unha política económica máis inclusiva que permita trasladar o crecemento económico a un maior equilibrio no crecemento da renda.
- A perda de poboación, o envellecemento da mesma así como a concentración nunha parte do territorio, continúan sendo as principais características demográficas en Galicia. Co obxectivo de cambiar esta tendencia, o CES considera irrenunciabile que as políticas dirixidas ao reto demográfico ocupen un lugar central nas administracións públicas, co obxectivo de que sexan quen de reter e atraer poboación. Especialmente no ámbito rural é importante atender ao grao de dixitalización como elemento que pode actuar como freo da tendencia observada ao longo dos anos.

## 2. Mercado de traballo

---



- A análise dos datos relativos ao mercado de traballo no 2022 está ligada á intensidade da recuperación e á entrada en vigor da reforma laboral. Desde este punto de partida e cunha evolución positiva dos principais indicadores, o CES considera que se debe seguir a traballar en medidas que contribúan á consolidación da reactivación da economía e á xeración de emprego de calidade.
- Os cambios en materia tecnolóxica, dixital, medioambiental están xerando unhas necesidades no mercado laboral, a curto e medio prazo, que é preciso afrontar mediante accións de planificación formativa en todos os niveis, co fin de resolver os desaxustes entre a oferta e a demanda de emprego, xa que se están agudizando pola gran transformación na que estamos inmersos, ofrecendo novas oportunidades de emprego. O CES considera que as políticas públicas, especialmente as formativas, teñen que ser flexibles e anticiparse ás necesidades de maneira que se eviten, na medida do posible, os desaxustes no mercado laboral.
- O maior aumento no ano 2022 nas afiliacións das mulleres con respecto ás dos homes, así como o incremento da poboación activa feminina fronte á leve diminución da masculina, deben seguir acompañándose de esforzos para eliminar as desigualdades entre homes e mulleres e para fomentar a corresponsabilidade.
- Malia a que en liñas xerais o ano 2022 caracterizouse por un aumento das afiliacións, o certo é que no relativo ás afiliacións dos traballadores do réxime especial de autónomos, retómase a tendencia descendente. O CES quere alertar da importancia de impulsar medidas de apoio aos autónomos na loita pola continuidade da súa actividade.

- O ano 2022 continúa co incremento da poboación activa en Galicia, ao igual que o ano anterior, a pesar diso a taxa de actividade se sitúa en Galicia no 52,9%, por debaixo da media estatal (58,6%) e non supera o penúltimo posto entre todas as Comunidades Autónomas, polo que o CES considera necesario un maior impulso ás políticas dirixidas a incrementar a poboación activa, aproveitando, entre outros, os novos proxectos estratéxicos xeradores de emprego, así como as perspectivas presentes e futuras de emprego.
- O aumento da poboación activa debeuse maioritariamente ao incremento da poboación estranxeira, o que supón un enorme reto de integración laboral. Desde o CES instamos ás administracións públicas a apoiar a integración no mercado laboral deste colectivo.
- O CES considera que é preciso adoptar medidas que freen a continua fuga de talento cara a outras Comunidades Autónomas e países; é un reto que se debe afrontar, xa que ten importantes repercusións, tanto dende o punto de vista demográfico como de xeración de riqueza ou innovación.
- A recuperación do emprego vivida no sector servizos e o da construción non se está a apreciar igualmente en tódalas ramas de actividade do sector industrial. Neste último constátase un ano máis o forte impacto da última crise e por isto o CES quere incidir na necesidade de impulsar políticas encamiñadas a revertir esta situación, establecendo medidas que favorezan unha adaptación á transición enerxética e outras que aborden os cambios nos que está inmerso o sector. Neste senso, é novamente necesario remarcar a oportunidade que ofrecen os Fondos Europeos.
- O CES considera que se debe analizar a correlación observada en Galicia no ano 2022 entre o incremento da ocupación e o leve aumento no número de horas efectivamente traballadas, en maior medida cando a variación das horas traballadas cae un 4,5% cando a comparación se realiza co ano 2019.
- A maior presenza de traballadores/as con empregos atípicos, empregados na economía colaborativa ou de plataforma e traballadores con contratos de cero horas fan necesario medidas que promovan a mellora nas súas condicións laborais e suficiencia de rendas.
- O CES considera que é preciso afrontar con máis recursos e maior eficacia, as políticas dirixidas ao relevo xeracional, poñendo valor a sectores, como é o caso da agricultura e a pesca, de maneira que resulten atractivos para a mocidade, porque manifestamos que son fundamentais por subministrar recursos esenciais, ademais de contribuír a sostibilidade do medio ambiente e do territorio. Nesta mesma liña deberían afrontarse medidas dirixidas aos oficios tradicionais.
- O CES considera que se debe avanzar e profundar, aínda máis, na economía circular, fomentando a investigación neste ámbito, a transformación dos procesos produtivos, e favorecendo a creación de emprego, por ser unha vía de gran valor para loitar contra o cambio climático.
- A pesar dos avances da Reforma Laboral introducida polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro de 2021 en materia de estabilidade de emprego, diminuíndo a taxa de tempora-

lidade en Galicia en 5 puntos, o CES considera que se debe seguir mellorando a calidade do emprego, por un lado con medidas dirixidas ao sector público, onde non só non se reduce a temporalidade ca reforma, senón que polo contrario se aumenta do 29,2% no ano 2021 a 29,7% no ano 2022, fronte ao favorable comportamento do privado. Por outro lado, é preciso avanzar en medidas que melloren a suficiencia de rendas en relación cos contratos a tempo parcial, os fixos descontinuos e os temporais.

- A taxa de temporalidade segue a ser maior entre as mulleres, polo que o CES insiste na necesidade de seguir velando por establecer medidas que favorezan a redución desta diferenza.
- A entrada en vigor da reforma laboral aprobada no Real Decreto-Lei 32/2021 distorsiona a análise dalgúns indicadores do mercado laboral, pola forte irrupción dos contratos fixos descontinuos, que pasan de ser marxinais a supor un 7,7% da contratación en 2022. Co fin de mellorar a transparencia, desde o CES solicitamos a creación de estatísticas que se adecúen aos novos modelos de contratación.
- Desde o CES solicitamos un seguimento exhaustivo dos efectos do Real Decreto -Lei 32/2021, para medir o alcance dos cambios na súa aplicación, nomeadamente no relativos aos contratos fixos descontinuos, e avaliar como afectan ás condicións laborais das persoas traballadoras e ás necesidades das empresas e persoas autónomas.
- O CES considera que se deben de realizar accións dirixidas aos desempregados de baixa cualificación, xa que é preciso dotar ao colectivo dunha formación de calidade que facilite a inserción laboral.
- O colectivo de desempregados que precisa intensificar medidas de fomento da empregabilidade é o que leva máis de dous anos en desemprego. Trátase do colectivo máis numeroso, con 41.200 persoas, e cun incremento de desemprego no último ano 2022 do 3,5%. O CES considera preocupante o número de persoas nesa situación e que se incrementa no último ano, polo que manifesta que se deben levar a cabo políticas dirixidas a ese colectivo que cambien a tendencia experimentada.
- O peso das persoas paradas de longa duración continúa sendo moi elevado. Desde o CES, un ano máis, solicitamos atención específica a este colectivo. O alongamento no desemprego en idades tardías non só afecta á calidade de vida presente senón a futura, con consecuencias negativas na pensión de xubilación, e polo tanto perpetúa a vulnerabilidade económica desde colectivo.
- O CES considera que se deben intensificar os esforzos en política de igualdade para diminuír a elevada e persistente fenda salarial de xénero, que acada o 19,5% no último ano en Galicia.
- En canto á variación salarial dos convenios asinados en Galicia en 2022, a nosa Comunidade presenta incrementos salariais superiores ao conxunto do Estado. Malia isto, é preciso incidir nos necesarios consensos que permitan facer fronte a unha situación de incremento dos prezos que está a repercutir negativamente tanto nas persoas traballadoras como nas empresas.

- No eido dos accidentes laborais, Galicia retomou a senda de caída no número de accidentes totais con baixa e a mellora no índice de incidencia. Pola contra, apréciase nos últimos anos un incremento de accidentes mortais non traumáticos, que debe levar á análise das súas causas para poñer os medios para reverter esta situación.
- Nas baixas laborais provocadas por incapacidade temporal (continxencia común) Galicia case duplica a duración media dos procesos no Estado (66,1 días en Galicia fronte a 37,7 no Estado). Esta circunstancia leva ao CES a incidir na necesidade de establecemento de medidas que reduzan esta duración o que beneficiaría non só á persoa traballadora, senón tamén ás empresas e ás arcas do Estado. Así mesmo, o CES reclama que se elabore un estudo para aclarar as causas desta maior duración media dos procesos na nosa Comunidade.



### 3. Dinamismo do tecido produtivo

---



- Estamos asistindo a un momento de suma importancia na materialización do investimento ligado aos fondos europeos, cas recentes incorporacións dos fondos Next Generation e os fondos de Transición Xusta. Neste contexto, é preciso levar a cabo as accións necesarias que permitan manter e atraer os proxectos e empregos a implantar en Galicia asociados a ditos fondos.
- A destrución de emprego no sector primario é unha constante nos últimos anos. No ano 2022 a rama pesqueira e acuícola rexistrou unha perda de 1.100 persoas ocupadas respecto ao ano anterior e aumentando en tan só 300 persoas no subsector agrogandeiro e forestal. Unha vez máis, o CES quere pór en valor a importancia do sector primario, clave para Galicia e provedor de produtos esenciais, e incidir na necesidade de artellar medidas que contribúan a reverter esta tendencia, actuando sobre aspectos como a falta de relevo xeracional nas actividades do sector e impulsando o aproveitamento dos recursos cos que contamos.
- O elevado peche de explotacións agrogandeiras afonda na xa preocupante situación do rural galego. O seu impacto vai máis alá do mero feito económico de perda de actividade e emprego, xa que contribúe ao despoboamento e abandono do rural. Desde o CES queremos manifestar a nosa preocupación por este feito, e instamos aos poderes públicos a tomar medidas para frealo.
- O CES amosa a súa preocupación ante a redución do número de explotacións gandeiras, especialmente as de bovino de carne, que se reduciron en máis de 10.000 en tan só un ano, o 30% das existentes. Por iso insta aos poderes públicos a poñer en marcha medidas de apoio ás explotacións existentes e a establecer plans de xestión do territorio que deixan de xestionar as

explotacións que desaparecen, especialmente en zonas de montaña e de alto valor ambiental para evitar que sexan afectados polos incendios forestais.

- O CES alerta sobre o déficit que ten Galicia en Superficie Agraria Útil (SAU), o 28,3% respecto da superficie total que está moi por debaixo da media estatal que ascende ao 49,9%. Cómpre poñer en marcha medidas eficaces para mobilizar terras que permitan incrementar a base territorial das explotacións de maneira que se reduza a dependencia de materias primas foráneas e se incremente a competitividade do sector agrario.
- A evolución do sector industrial caracterízase por unha perda de emprego no período comprendido entre os anos 2008 e 2022 de 40.000 empregos, situándose o seu peso en relación ao PIB en tan só o 15,6%. Asemade, a contracción sufrida polo índice de produción industrial é tamén motivo de preocupación para o CES. O importante papel que xoga este sector no crecemento económico de Galicia, actuando como elemento tractor de sectores auxiliares e pola súa capacidade para xerar emprego de calidade, fai necesaria a adopción de medidas que favorezan o seu fortalecemento, especialmente na industria manufactureira.
- Desde o CES queremos amosar a inquedanza que supón a evolución do sector industrial galego no seu conxunto e da industria manufactureira en particular. Dunha banda, a actividade industrial reduciuse un 2% respecto ao ano anterior e un 0,5% no caso da industria manufactureira, o que se traduce nunha redución da súa achega ao PIB galego (15,6% e 10,9% no ano 2022, respectivamente). Asemade, o emprego industrial redúcese un 1,9% a pesar da medra no ámbito manufactureiro (0,9%). Ante esta realidade, solicitamos á administración velar polo situación do sector, especialmente nun momento de importantes cambios, e atender as súas necesidades.
- Dada a importancia do sector enerxético na economía, onde Galicia ten un peso importante na xeración da mesma, e nun momento en plena transición, o CES insta aos poderes públicos a ordenar un marco xurídico estable que permita tomar as medidas pertinentes para compatibilizar as actividades de todos os actores en xogo, así como a protección do medio ambiente.
- Un ano máis, continúa o retroceso no balance enerxético, cunha forte redución da enerxía xerada en Galicia, avanzando posicións nas enerxías non renovables cun aumento do 15%, en contraposición do descenso do 31,8% das enerxías renovables. Os elevados prezos da enerxía e os ambiciosos obxectivos climáticos marcados no seo na Unión Europea fan necesario avanzar nun proceso de descarbonización da economía que xa está en marcha.
- Desde o CES instamos aos poderes públicos a adoptar as medidas necesarias para apostar por un modelo renovable no que Galicia pode ocupar unha posición gañadora, xerando emprego de calidade, reducindo a dependencia enerxética de terceiros e mellorando a saúde das persoas e o medio ambiente.
- A previsión de instalación de numerosos parques eólicos no noso territorio fai necesario que dende os poderes públicos se valore a necesidade de salvagardar a industria de compoñentes e se poñan en marcha medidas para potenciar esta industria no noso territorio.

- A desaparición de numerosos establecementos do pequeno comercio, está prexudicando, non só o propia actividade comercial, senón tamén a idiosincrasia das vilas e cidades. É por elo, que instamos, un ano máis, aos poderes públicos a apoiar a esta actividade económica.
- Co fin de solucionar as crecentes dificultades no acceso á vivenda dunha parte cada vez máis ampla da poboación, pola perda do poder adquisitivo das rendas e a continua escalada de prezos da vivenda, é precisa a dotación dun parque de vivendas protexidas (VPO), que permita o acceso a un ben de primeira necesidade, especialmente nas zonas con maior demanda de vivenda.
- O acceso a unha vivenda converteuse nun problema de primeiro orde nos últimos anos. A proliferación de pisos para uso turístico foi un dos factores que máis contribuíu a agravar dito problema. Desde o CES, solicitamos medidas que permitan compatibilizar ambos usos.
- Desde o CES queremos instar aos poderes públicos á dotación das adecuadas infraestruturas que favorezan a conexión da nosa Comunidade co resto de España e a UE, como elemento fundamental para o incremento do peso de Galicia no transporte de mercadorías e, en xeral, para mellorar a nosa competitividade nos mercados europeo e mundial.
- A redución de persoal, de horarios de atención presencial ao público así como o peche de oficinas bancarias, como consecuencia do proceso de axuste, redimensionamento e transformación do modelo de negocio do sector bancario, ten efectos negativos especialmente no ámbito rural e sobre as persoas máis vulnerables con poucas o ningunha habilidade dixital. O CES insta a tomar medidas para solucionar esta problemática.
- A redución do número de empresas con traballadores no ano 2022 supón romper a tendencia de creación de empresas do ano anterior. Este dato xunto co descenso do número de sociedades constituídas en Galicia, son motivo de preocupación para o CES e deben levar a establecer medidas que estimulen a creación de empresas e apoiem a súa actividade e o mantemento do emprego.
- A pandemia provocada pola covid-19 tivo un efecto alcista no número de empresas exportadoras regulares en Galicia. Unha vez retornada a normalidade, o número destas empresas reduciuse en 864, manténdose en valores notablemente superiores aos acadados nos anos anteriores á crise. O CES considera que se deben adoptar as medidas necesarias para que esta tendencia se manteña no futuro.

## 4. Calidade de vida e benestar social

- O orzamento dedicado á atención primaria experimentou no ano 2023 un ascenso de case un 10% respecto ao do ano anterior, sendo a maior subida rexistrada nos últimos anos, a pesar deste importante incremento, a atención primaria representa o 30,30% do orzamento consolidado de gasto sanitario, lonxe do peso relativo do ano 2008, que ascendía ao 37,8%. O CES quere insistir na necesidade de continuar nesta senda para dotar de recursos suficientes a un elemento crucial para o bo funcionamento do sistema sanitario xeral como é a atención primaria, de maneira que o servizo prestado sexa áxil, eficaz e alcance todo o territorio.

O CES alerta sobre a perda de calidade da atención primaria nos centros de zonas rurais, e demanda ao Goberno que os dos recursos necesarios para atender á poboación.

- A poboación de 65 e máis anos ten cada vez un peso maior no total da poboación de Galicia. O CES considera que isto debe levar ao impulso de políticas de envellecemento activo e de hábitos de vida saudables que ademais de contribuír a manter e mellorar a calidade de vida das persoas, teñan un efecto positivo no gasto sanitario da nosa comunidade. Por outra banda, tamén é necesario que tódalas persoas que o precisen, podan acceder a un sistema de coidados óptimo.

- Ante a forte e rápida dixitalización dunha parte importante dos temas relacionados coa saúde pública, o CES manifesta a súa preocupación polos problemas que isto pode supoñer en Galicia, cunha poboación moi envellecida e con zonas do territorio con dificultades de acceso dixital.

- Os problemas de saúde mental continúan agravándose, como exemplos o incremento do número de suicidios que pasou de 305 en 2020 a 337 en 2021. Este incremento leva ao CES a re-

clamar un ano máis unha asignación de recursos suficiente para unha axeitada atención da saúde mental e considera necesario afondar nunha análise de posibles causas que poidan influír nesta tendencia e do que se podan derivar determinados mecanismos para a súa prevención.

- As listas de espera de consultas externas, nos hospitais do Sergas no ano 2022, nas especialidades máis relacionadas cas enfermidades mentais se situaron en Neuroloxía en 59,1 días e en Psiquiatría 50,4 días. O CES, ante o aumento das enfermidades mentais, considera esas listas de espera inadmisibles e demanda, de maneira urxente, a súa drástica redución, mediante un protocolo similar a outras enfermidades.
- O CES quere chamar a atención sobre as mortes por afogamento como a principal causa externa de defunción en Galicia. Desde o CES instamos aos poderes público a estudar as causas e a por en marcha campañas de prevención para este tipo de sucesos.
- Os datos das listas de agarda nos hospitais do Sergas seguen a ser para o CES unha cuestión prioritaria. O tempo medio de espera dos centros do Sergas foi de 75,4 días en 2022, antes da pandemia reducírase a 53,9 días, de máis de 91 días de agarda para a realización dunha proba radiolóxica, ou máis de 76 días no caso de patoloxías de prioridade 2. O CES solicita o establecemento de medidas que permitan evitar as graves consecuencias que se derivan destas situacións.
- O CES considera que as elevadas listas de agarda poderían estar en relación con a elevada diferenza da duración media das baixas por incapacidade temporal en Galicia con respecto ao conxunto do Estado. Novamente o CES quere chamar a atención sobre a necesidade de establecer medidas que reduzan esta fenda.
- Malia a redución nas taxas de pobreza e os índices de desigualdade, o CES considera que é preciso fortalecer esta tendencia mediante medidas que permitan promover o crecemento dos ingresos a unha taxa maior tendo en conta o cumprimento do ODS 10 da Axenda 2030.
- A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) ofrece uns datos altamente preocupantes ao desagregar a taxa por idades, sendo a poboación entre 16 a 24 anos a que presenta a taxa de pobreza máis elevada de todos os grupos de idade, acadando un 25,6%. Ante esta situación, o CES considera que é preciso actuar de maneira urxente para cambiar esta realidade.
- Ante a elevada taxa de risco de pobreza entre as persoas de nacionalidade estranxeira (situada no 54,47%, mentres esa taxa para as persoas de nacionalidade española situouse no 17,17%), instamos unha atención especial a este colectivo, tendo en conta non só a situación actual, senón intentando, a través da formación das persoas máis novas, entre outras medidas, que dita situación non se perpetúe.
- O elevado incremento dos prezos, especialmente dos produtos e servizos básicos, están minguando o poder adquisitivo das familias, especialmente das de menores ingresos xa que son as que destinan unha maior proporción dos mesmos a este tipo de produtos, polo que desde

o CES instamos aos poderes públicos a implantar axudas transitorias que lles permitan paliar esta situación.

- Ante o envellecemento da poboación faise necesario un aumento na dotación de prazas públicas de residencias, e prazas especializadas para maiores con problemas de saúde mental, co fin de garantir o acceso, sobre todo, ás persoas usuarias de menos recursos que precisen este servizo.
- O CES amosa a súa preocupación polos excesivos prazos para obter o recoñecemento da situación de dependencia, en torno a un ano desde a solicitude, e polo número de persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións que non están a ser atendidas (3.271 en 2022) polo que urxe a dispoñer dos recursos precisos para axilizar o proceso de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e garanta a atención da totalidade de persoas cunha valoración positiva.
- As 3.652 denuncias rexistradas e a incoación de 1.430 ordes de protección nun só ano amosan que a violencia de xénero é un problema social de primeiro orde que os poderes públicos deben combater coas medidas de prevención, protección e apoio ás vítimas necesarios.
- O CES considera que ante a persistente violencia contra as mulleres, se debe continuar con campañas de educación, especialmente entre os máis novos, co fin de concienciar a poboación e rematar con este problema.
- O fenda de xénero das pensións acada niveis moi elevados (a pensión media dunha muller é de 872,3 euros, fonte a dos homes que acada de media os 1.278,3 euros), polo que entendemos se deben aplicar mecanismos tendentes a ir reducindo dita desigualdade.
- O coidado do medio ambiente segue a ser motivo de preocupación para o CES. Frear o cambio climático e o deterioro dos ecosistemas pasa necesariamente por un impulso aos proxectos sostibles que favorezan a transición ecolóxica e a neutralidade das emisións cara ao 2050, de acordo cos obxectivos da Unión Europea.
- Ante os danos provocados pola fauna salvaxe é preciso que a administración responda con medidas preventivas e paliativas que contén coa dotación suficiente para atender a totalidade das explotacións afectadas. No caso do xabaril, o CES insta á Consellería con competencias en Medio Ambiente a que esixa a participación efectiva das sociedades de caza encargadas da xestión dos tecores (terreos cinexéticos ordenados) nas intervencións de control poboacional.
- Os incendios forestais continúan sendo un grave problema social, económico e medioambiental. Aínda que son moitos os factores que contribúen aos mesmos, entendemos que se deben aumentar os esforzos destinados a paliar esta lacra, sinaladamente a través dunha ampliación e mellora da ordenación dos montes.
- O alarmante incremento do número de incendios forestais e superficie queimada, así como os danos ocasionados a vivendas e infraestruturas no ano 2022, amosan a importancia dos pas-

tos e terras de cultivo para interromper o avance do lume. É por isto que o CES reclama aos poderes públicos medidas de apoio ás explotacións agrarias pola labor de prevención e defensa contra incendios forestais que realizan.

- Na Comunidade Autónoma galega tan so se recolle selectivamente o 16,11% dos residuos urbanos producidos no ano 2020, fronte ao 83,89% dos residuos mesturados, cunha tendencia desfavorable no último ano, xa que, os residuos recollidos selectivamente experimentan un retroceso do -3,5%, fronte ao aumento do 1,6% to total de España. O CES considera que se debe avanzar no reciclado de residuos recollidos de maneira selectiva cara un modelo máis sostible.

## 5. Recursos e capacidades para o desenvolvemento

- No curso 2021-2022 reducíronse en 131 o número de unidades educativas no medio rural. O CES insta aos poderes públicos a avaliar as circunstancias particulares dos concellos rurais á hora de pechar unidades educativas. Po outra banda, o CES quere alertar que os esforzos por fixar poboación no rural, deben ir acompañados dunha dotación de recursos suficiente, nomeadamente recursos humanos, materiais e tecnolóxicos, para garantir a calidade do ensino en tódolos niveis e en todo o territorio.
- Por primeira vez, desde o ano 2012, a taxa de abandono educativo aumenta, situándose no 9,9%, fronte ao 8,1% do ano anterior. Desde o CES solicitamos que se estude este cambio de tendencia, analizar as causas deste incremento e actuar, sen demora, para atallalo.
- A correlación observada entre o maior nivel formativo coa maior taxa de actividade e menor taxa de desemprego, unida ao aumento por primeira vez desde o ano 2012 da taxa de abandono educativo temperá, levan ao CES a alertar da necesidade de artellar medidas de contención desta taxa e así diminuír o desemprego asociado, para avanzar cara unha sociedade igualitaria.
- Ante as serias dificultades que presenta a falta de relevo xeracional en determinados oficios e sectores e a escaseza de man de obra cualificada para certas actividades, o CES cre que se deben orientar esforzos para encaixar estas necesidades coa formación e capacitación das persoas traballadoras.
- O CES considera que é preciso aumentar a formación en Tecnoloxías de Información e Comunicación, xa que tan só recibe dita formación o 14,1% dos empregados, situándose Galicia como a cuarta Comunidade con menor porcentaxe no ano 2021.



- Un ano máis, o CES non renuncia a amosar a súa preocupación polos estereotipos de xénero que se observan na distribución das titulacións de formación profesional e estudos universitarios. É preciso afondar na análise desta tendencia e faise imprescindible favorecer campañas que contribúan a virala.
- Os maiores custos que supón para as familias de zonas lonxe dos centros de estudio, e, en moitos casos mal comunicados, debería terse en conta á hora de asignar axudas económicas, e facilitar o acceso aos estudos.
- Malia o aumento do 8,7% do gasto en I+D en Galicia, un ano máis, o CES considera que é urxente realizar un maior esforzo no gasto en I+D, co fin de cumprir co obxectivo marcado no Plan Estratégico de Galicia, dado que os últimos datos sitúan o gasto en I+D no 1,10% en relación ao PIB, lonxe da media europea (2,26%) e española (1,30%). Neste eido, o CES entende que a colaboración público-privada nas actividades de I+D serán claves para fortalecemento do tecido e a xeración de emprego.
- O CES considera que se debe impulsar a creación e mantemento do emprego nas actividades relacionadas con I+D, xa que o crecemento experimentado, no ano 2021, por dito emprego en Galicia (6,1%) é inferior a media en España (7,7%) o que agranda as diferencias entre os dous escenarios.
- O CES considera necesario impulsar a diversidade no mundo académico e apoiar o desenvolvemento de mulleres en profesións claves no ámbito das ciencias para facer máis inclusiva a transformación dixital que estamos vivindo.
- Un ano máis, desde o CES ínstase aos poderes públicos a velar pola formación dixital da poboación en sentido amplo, para que non se agrave a fenda xa existente.
- Os cambios que se están a producir no actual contexto mundial relativos aos procesos de dixitalización e á transición ecolóxica fan necesario, en opinión do CES, reforzar as competencias dixitais de empresas, profesionais e persoas traballadoras e programar formación que permita afrontar con éxito este proceso de cambio.

